



BOLETÍN 145
MARZO 2020

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

ANTONIO VEIGA, SEGUIMOS AS TÚAS PEGADAS

Antonio Veiga González, socio número 4026, deuse de alta no Club con 12 anos, este ano cumpriría 73 anos de socio, exerceu numerosos cargos directivos, foi presidente do Club con 38 anos durante tres lexislaturas, 12 anos. Era o socio máis antigo do Club na actualidade. Finou o 9 de marzo.



Antonio, a túa traxectoria como montañeiro e socio é extraordinaria e a xenerosidade inmensa, as socias e socios quedamos orfos máis terémoste sempre connosco, na montaña, nas covas, no mergullo, onde vaiamos, levarémoste. Quedas nos nosos corazóns.

De todas, de todos, grazas.

Club Montañeiros Celtas

ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA ELECCIÓNS: 22 DE MAIO DE 2020

Estimados asociados:

Seguindo a disposición dos estatutos e do Regulamento do Réxime Electoral do noso Club, convócase:

ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA ELECCIÓNS

Que se celebrará o día 22 de maio ás 20:00 horas en primeira convocatoria e 20:30 en segunda, no local social da nosa entidade sito en Avda. das Camelias, Nº 78 oficina K en Vigo, coa seguinte ORDE DO DÍA:

1º ELECCIÓNS Á PRESIDENCIA DO CLUB

- Aprobación das datas do calendario do proceso electoral
- Nomeamento da xunta electoral

O Calendario Electoral aprobado estará exposto no taboleiro de anuncios do local social e na páxina 11 do boletín. No caso dunha soa candidatura interrómpeuse o proceso electoral o día 16 de xuño procedendo á proclamación da candidatura como elixida.

Seccións

Esquí.....	2
Actividades Sociais	3
Homenaxe Antonio Veiga.....	4
Montaña.....	8
Infantil.....	9
Cultura e M Ambiente.....	10
Bici de montaña.....	10
Calendario Electoral.....	11

Vindeiras actividades

Excepcionalmente neste número non imos publicar as vindeiras actividades nin o calendario xa que polo COVID-19 non temos a certeza de cando se poderán realizar. Como sempre comunicaremos vía a nosa web, redes sociais e comunicados aos socios.

Desculpade as molestias

Lei de Protección de Datos: Como ben sabedes entrou en funcionamento unha nova normativa de protección de datos que obriga ás entidades que teñan datos de carácter persoal dos usuarios ou clientes solicitar o consentimento expreso para facer uso deses datos. Montañeiros Celtas conta cunha base de datos na que se recollen os datos que subministrastes na ficha de socio, así como un libro de socios. Datos que empregamos para realizar comunicacións de actividades e de cuestións do funcionamento da asociación. Polo que necesitamos que nos fagades chegar por escrito, ben por email ou presencialmente nas nosas oficinas, o voso consentimento de uso de Datos.

ESQUÍ

Esquí de Travesía e Raquetas- FGM 1-2 de febreiro

Snow Hunters ou Cazadores de Neve. Como cazadores de tormentas, un intrépido, animado e entusiasta grupo de esquiadores e raqueteros de montaña, puxeron marcha a primeira fin de semana de Febreiro do 2020 rumbo á comarca de Babia para gozar dunhas xornadas de neve. Unhas xornadas encadradas dentro das actividades de esquí de montaña da FGM e organizadas polo Club Montañeiros Celtas. A fin de semana prometía intenso. A actividade organizada transcorrería na comarca de Babia e os vales de Laciana, concretamente unha travesía entre Porto de Somiedo e a Cueta. Pero as condicións meteorolóxicas de días anteriores e sobre todo a escaseza de neve fixo que a actividade tivese que ser modificada sobre a marcha. Lonxe de que o desánimo caera sobre o grupo, a experiencia de Fernando e o bo facer do resto de compoñentes, fixo que se buscasen outras alternativas de montaña para encaixar a actividade. Despois de varios desprazamentos "da riba pa baixo", e como cazadores de tormentas tratátese, decantámonos por explorar a contorna do macizo da Ubiñas e os Fontanes coa súa cara máis nevada desde Torrebarrio. Un grupo cara a Pena Ubiña e a súa canle sureste e outros cara a Pico Colines pola saia dos Fontanes. Estes últimos cun tenaz esquiador que non dubidou en portear os esquís ata 1700m, onde apareceron os primeiros neveros. Comandados por Sechu e Fernando alcanzouse o cumio de 2215m entre néboa e vento intenso. O descenso transcorreu polo mesmo roteiro para uns e polos vales de Colines e de Cuspasante para o tenaz esquiador que puido así gozar dun merecido descenso de aprox 20-25'. Cheos de barro e cansazo, pero moi satisfeitos, e desexando unha ducha e unha boa cea, puxemos fin á primeira xornada de esquí de travesía do 2020. Gustaríame agradecer ao Club Montañeiros Celtas e en especial aos responsables da sección de skimo, a súa paciencia, e bo facer para o bo desenvolvemento desta actividade. Miguel A. M.



Esquí en San Isidro 21-23 de febreiro

Tiñamos todo en contra, pouca neve e mal elixida a data: era entroido, e despois de 17 anos realizando a mesma actividade poucos participantes, en total 27, todo apuntaba a que ía ser un desastre. Pero como di Carlos Fernández, sábese que esta actividade de Celtas sempre sae ben, que estamos tocados pola sorte. Por unha banda, San Isidro era a única estación da Cordilleira Cantábrica que aínda mantiña a suficiente neve para poder esquiar, non abundaba, pero tiña 15 km esquiables, a neve era bastante boa para a calor que facía, os fora de pistas eran poucos, pero a calidade moi boa. Temos a sorte que para os traballadores da estación somos xa vellos coñecidos e saben da nosa seriedade, e sobre todo temos que agradecer a Raúl Director Técnico da Escola de Esquí Arropaje e a Abel, profesor de esquí e responsable dos aloxamentos da empresa San Isidro Aventura, que ademais é de Teis, e a Eloy dos alugueres que con tres días de antelación nos conseguen prazas para 27 persoas no refuxio de montaña. Nos trataron moi ben, déronnos para cear e almorzar, duchas etc., tiñamos todo perfecto e ademais preto da estación. Organizamos tres grupos segundo o nivel de esquí, para clases de esquí 2 horas o sábado e dous o domingo e un para unha moza de Snow, creo que lles veu ben aos habituais o perfeccionar a súa técnica de esquí, cada día vese máis mestría entre os que veñen. Aproveitamos a lume de biqueira a estación, o sábado non había moita aglomeración e dende as 9:30 ata o peche non paramos todos de esquiar. O domingo igual: sol e neve, todo un goce, palpábase no ambiente no autobús, os participantes víaselles felices, tanto aos máis pequenos coma aos máis maiores, con ganas de repetir a experiencia. O sábado despois de pechar as pistas os traballadores da estación fixeron á noite unha baixada con fachos e unha tirada de lumes, foi moi bonito. Creo que esta é unha actividade moi importante para o noso club, por varias razóns, aos participantes facilítaselles dunha forma bastante económica o poder descubrir este deporte, aos que xa o coñecen dáse a oportunidade de repetir e ata o de agora a actividade sempre sae ben, cada vez hai máis socios que saben esquiar, e lánzanse ao esquí de montaña, esta modalidade deportiva no noso club é un elemento diferenciador cos outros clubs de montaña. Esperamos Marcos e eu que o ano que vén mellorar na organización e volver realizala e que o cambio climático, non impida que esta montaña da Cordilleira Cantábrica non falte o elemento branco a neve. Fernando F.



SOCIAL

Cea Social 2020 15 de febreiro



É 15 de febreiro e un ano máis chove, pero non importa, porque a Cea Anual é nun lugar moi acolledor o “Hotel Los Galeones “ de Vigo. Gústame porque hai como dous momentos antes de sentarse a cear, o primeiro, na elegante entrada do hotel, alí hai sempre unha persoa para recibirte e iso é un agasallo. Este ano é Conchi Núñez quen che dá un bico e un sorriso, bueno primeiro un sorriso, logo un bico e logo outro sorriso. Grazas Conchi.

Pouco a pouco comeza a chegar xente, algunha coñecida e outra non, iso é o que fai diferente este evento, ver que este club tamén o forman persoas que levan sendo socias moito tempo e que aproveitan este momento para o reencontro. Tanto tempo como para que se lles faga entrega da medalla de honor por eses moitos anos de fidelidade, entón imaxino a esas persoas, anos atrás, compartindo experiencias montañeiras.



O segundo momento antes de cear é o máis esperado, pasamos a un salón onde podemos catar o primeiro viño da noite, encántame comezar con viño branco acompañado de petiscos que axudan a que as conversas se multipliquen sen traballo, arredor das mesas. As persoas non paran quietas e van de aquí para alá bicándose e preguntándose pola vida e admirándose da chea de tempo que había que non se miraban.

Chega, xa, o momento de cear, por min estaría de pinchos toda a noite. As mesas son redondas, a compañía boa e a cea está estupenda.

Logo dun longo rato nos anuncian que o alcalde está a piques de chegar, que home! Non para. Diríxese a nós con palabras cariñosas e nós ofrecémoslle un aplauso e agradecémoslle que estea aquí

esta noite.

O alcalde marcha e ven o postre, despois a entrega de medallas, este ano so se fai a entrega aos vintecinco anos, non hai ninguén que cumpra cincuenta, outro ano será. Así que os homenaxeados son:

Emilio Ballesteros Casal, Daniel Ballesteros Posada, Andrés Ballesteros Posada, Carlos Carracedo Rodríguez, Teresa Díaz-Salgado Pérez, Jose Manuel Suárez Gago, Carlota Mielgo González, Virginia Mielgo González, Alejandra Suárez Gonzalez, André Lores Varela e Concepción Núñez Bar.

É neste momento cando Emilio Ballesteros colle o micrófono e nos bota un discurso cheo de chiscos para aqueles que o acompañamos na súa cruzada polo Xeoparque do Caurel e que provoca as risas de todos os comensais.

Logo comeza a música e o baile, moitos de nós saímos a bailar porque esa é a consigna, bailar. Hoxe non toca subir montañas, nin pasar frío, nin calor, hoxe toca bailar, tamén cantar, facer un pouco o parvo, divertirnos dunha maneira diferente, dunha maneira “anual”, agora é cando cobra sentido o nome desta cea, “Cea Anual de Montañeiros Celtas”. Non queda máis que dicir que ata dentro dun ano e que ata entón seguiremos subindo e baixando montañas. Melu L.



HOMENAXE

Antonio Veiga 1935-2020

Montañeiro de amplo currículo deportivo. O seu primeiro 3000 foi no ano 56, Monte Perdido, no 58 ascendeu ao Mont Blanc o seu primeiro 4000, no ano 1966 realizou o seu primeiro 5000, Leopard Pont. Tamén é de destacar a ascensión ao Kilimanxaro. Todas estas ascensións realizounas en cordada, inseparable, co seu irmán Chito, inesquecible para todas e todos nós.

“Primeiras” ascensións: destacan as seguintes: ano 1951 Mustallar e Cuiña, primeira invernal, no 1957 Portellín a vía norte con xeo e Crestería Miravalles primeira cordada invernal, en Pena Trevinca a Pena Surbia no 65, aresta desplome 1ª Vía, e Pena Negra no 70 1ª Vía. Penedos de Oulego vía norte no 64 1ª vía invernal. Fontefría norte no 62, en Xurés 1ª absoluta, Cilindro do Xurés no 70. Peña Ubiña no 59 1ª ascensión invernal, Peña Rubia no 63. No 56 Monte Perdido, Aneto, Gran Encantat, no 58 Peña Ligüerry, no 68 Monte Perdido vía Galciar Norte e Balaitús. En 71 Casco de Marboré. En Picos de Europa Torre Carnizoso no 61, Naranjo de Bulnes e Fraile de Capileira no 65 e Mulhacén, Almanzor no 71, Teide no 67, no 73 Alpes de tirol con Sara Ferro, Brasil no 74, Mont Blanc no 58 e Midi d’Ossau, Picos Albos en Portugal vía Este no 66 e Grande vía O e Leito da Rainha vía E no 70, todas primeiras absolutas. Cervino e Monte Rosa no 58.




Ascendeu aos cumios máis importantes de todas as cordilleiras da península e as insulares. Fóra de España realizou actividade en Andorra, Alemaña, Austria, Bélxica, Francia, Gran Bretaña, Irán, Italia, Kenya, Marrocos, Portugal, Suíza, Tanzania e Uganda.

Expedicións: 1ª expedición ao Atlas no 64 Toubkal, Travesía Sahara Marroquí. No 69 II expedición Atlas Tazarhart primeira vía española, no 66 expedición Kilimanxaro varias primeiras escaladas españolas, no 72 expedición ao Damavand Irán.

Escalada: En escalada resaltan innumerables vías abertas na Serra do Galiñeiro, en Budiño no II Risco parede a Calavera primeira vez que se usaron caravillas de expansión en Galicia, en Castelo de Cans, San Cibrána, Illas Cíes, na serra do Xalo, etc. Ademais tamén en Encina da Lastra, Peña Rubia, Xurés e Anamán e A Peneda.

Esquí: entre o 62 e o 86: Porto Pajares, Trevinca, Ancares, Manzaneda, Formigal, Cebreiro, Navacerrada, Ubiña, La Pinilla, no 64 subiu con peles de foca o Mustallar pola cara norte, no 74 Pena Surbia e 1ª Travesía Rexional de Esquí de montaña da FGM.



Espeleoloxía: En espeleoloxía foi pioneiro en Galicia, xunto ao seu irmán Chito, abrindo o camiño ás exploracións de todos os macizos calcáreos de Galicia e a contorna. A participación na primeira expedición á cova do Rei Cintolo en Mondoñedo marcou unha etapa no ano 1954, pero no ano anterior xa fixeran incursións nas furnas da contorna da Ría de Vigo como a Furna de Santa Marta en Cangas. No 56 aventuráronse a explorar os pozos do Pico Sacro en Santiago, este mesmo ano visitaron a Gruta Xeada de Casteret en Pireneos. Nos anos seguintes se intercalaban as exploracións locais: Serra Enciña da Lastra, Zona de Peña Ubiña, túneles da minería romana en Médulas, Asturias,

O Cebreiro, Santalla de Arriba, O Courel. No ano 2006 participou xunto ao seu irmán Chito no Iº Congreso Galego de Espeleoloxía coa ponencia “Los Pozos de Pico Sacro: entre el mito y la leyenda”. En 2014 presentou unha fermosa proxección no local social na celebración do 60 aniversario da primeira expedición á cova do Rei Cintolo.

Mergullo: A súa primeira inmersión de actividade subacuática realizouna no ano 1956 no illote de O Cabrón, na Guía en Vigo. Nos anos 70 realizou arqueoloxía submarina con Paco Alfaya na Lanzada e en Cabo Subrido, tamén en Cíes no ano 81

HOMENAXE

Antonio Veiga 1935-2020

localizando 2 áncoras líticas e realizando innumerables fotos dos achados. Realizou unhas 280 inmersións aproximadamente.

Formación: no 69 representou a España en Bélxica na Reunión internacional de la Juventud de la Unión Internacional e asociacións de Alpinismo, no 70 foi profesor no II curso Nacional de Escalada da ENAM. No 99 asistiu a X Reunión escaladores veteranos grupo de alta montaña español, foi o primeiro director da EGAM entre do 62-71 impartindo máis de 100 cursos.

A fotografía: foi o seu soño feito realidade aplicándoa en todas as actividades que realizaba. O 16 de marzo de 1947 sacou a súa primeira foto na montaña con unha Kodak No.2 Folding Cartridge de 8 negativos 6x9. A seguinte cámara no 1950 foi a Franka Rolfix II de 12 negativos 6x6. No 1957 adquiriu a Leika M3 de óptica intercambiable e despois chegou a Nikon Fe, a FM2 e na era dixital a Nikon 300D. En 1953 realizou un cursos de fotografía na Academia Fotográfica hispano Americana de Barcelona sendo o primeiro exercicio de exame unha fotografía no Aloia que cualificaron con 9 puntos sobre 10.

Participou en todos os concursos fotográficos do club, expuxo en 12 salas e concorreu a 42 certames fotográficos nos que obtivo 3 primeiros premios, 3 segundos premios e 2 mencións á mellor colección e mellor fotografía de escalada, e outros 23 premios.

Ocupou o cargo de secretario na Agrupación Fotográfica Galega de 1959 a 1967.

No ano 1999 e seguintes impartiu varios cursos de fotografía organizados por Montañeiros Celtas.

Arqueoloxía: outra das súas paixóns foi a arqueoloxía, paixón acendida a raíz dunha conferencia "Prehistoria en Galicia" do Comisario de Escavacións Arqueolóxicas D. José María Álvarez Blázquez realizada nos locais de Montañeiros Celtas o 12 de marzo de 1953. Participou en varios congresos nacionais e internacionais de arte rupestre. Foi socio fundador e vogal da primeira Xunta Directiva da Asociación Arqueolóxica Viguesa fundada no 1989. Participou en escavacións en Faro Budiño, Galiñeiro, Coto Grande, Castro de Vigo, Castro de Troña, Monteferro e Illa de Toralla.

Publicacións: As súas fotos son publicadas en diversos medios o mesmo que citas e artigos sobre montaña, escalada, espeleoloxía, arqueoloxía, etc., en Faro de Vigo, El Pueblo Gallego, Boletíns de Montañeiros Celtas, Enciclopedia Espasa, na revista Arqueoloxía, na Guía de Escalada-Galicia Vertical, Boletíns do Instituto de Estudios Vigueses, en revista de Estudios Miñoranos, e unha longa lista.

En Montañeiros Celtas quedamos orfos de pai e mestre montañeiro. Club Montañeiros Celtas



HOMENAXE

Antonio Veiga 1935-2020

Comecei a ter contacto máis próximo con Antonio Veiga cando me fixen cargo da vogalía de espeleoloxía. Nos primeiros momentos non entendía o seu entusiasmo porque alguén se fixera cargo da vogalía de espéleo, porque eu me fixera cargo. Máis tarde comprendino. A partir dese momento a miña proximidade con Antonio converteuse en continuas visitas á súa casa ou quedadas no bar debaixo da súa casa e algunhas veces íamos ao seu impresionante arquivo. Con Antonio e con Sara, sempre inseparables, compartimos horas de conversas onde as ansias de saber do Club e a satisfacción polos logros conseguidos non pasaba desapercibida.

Intúo que Montañeiros Celtas foi a túa grande familia, como o é a miña, que despois de 73 anos como socio tiñas a mesma ilusión e desexo de que o club fora un referente na historia do montañismo e na vida das súas socias e socios, así como na cidade, en toda Galicia, en xeral.

Lembro as horas que pasamos no teu arquivo buscando fotos e datos para o 70 aniversario, recente o meu debut no posto de presidenta, primeira presidenta, feito que te enorgullecía incluso máis que a min, eu sedenta da información que ti me proporcionabas e sorprendida pola facilidade coa que obtiñas os resultados, todo está anotado. Mágoa que a vida non te concedera uns anos máis para completar a dixitalización de todas as túas fotos. Confésote que aínda non completei o cadro histórico de directivos do Club que me adiantaches e prometo que o rematarei nos vindeiros días.

Lembro tamén as celebracións dos aniversarios da primeira expedición á Cova do Rei Cintolo en Supena, e con moitísimo agarimo un curso de fotografía que se organizou no club e que Antonio impartiu, foi unha ledicia fotografar natureza en Castrelos, os barcos en Bouzas, os retratos de todos os participantes e despois o seu revelado, en branco e negro, unha xoia! .

Este agasallo, poder compartir contigo esta etapa, nutrirme da túa sabedoría e experiencia, da túa calidade humana, é un agasallo inmenso polo que sempre estarei en débeda con Montañeiros Celtas, o noso Club.

Antonio, estás sempre no meu corazón, con Sara e os vosos fillos Antón e Sarita, que moito teñen que ver na túa implicación e xenerosidade coa outra familia montañeira. Lourdes Castiñeira

Marchou Antonio, marchou xunto a Chito, camiño dun reencontro místico da histórica cordada “os irmáns Veiga”.

Como a Chito hai 9 anos, despedimos a Antonio cunha sentida cerimonia solemne montañeira: o “paseo de piolets”, alzados en silencio ao paso do féretro, en sinal de respecto, agradecemento e admiración. Emotivo.

Marchou un dos grandes montañeiros galegos, unha xoia, unha lenda. Un fiel representante da esencia, o espírito, o amor, a paixón pola Montaña, que el viviu e transmitiu. O legado de Antonio irá de xeración en xeración, como luz e guía dun xeito de entender a vida, coa Montaña no corazón. Así, deixa unha profunda pegada en todos os que lle coñecemos, e deixa tamén un arquivo inmenso de material, documentos, fotografías... que gardou con celo e acerto, con agarimo e mimo. Queda unha familia orgullosa deste gran home, como orgullosa está tamén a “familia” montañeira.

En 2017, co gallo do 75 aniversario de Club Montañeiros Celtas (1942), lle fixemos unha merecidísima homenaxe, facéndoo protagonista dos actos e Socio Distinguido. Antonio creceu no Club que foi parte tan importante da súa vida, como na vida do Club foi importante Antonio. Historias paralelas e un amor recíproco.

Con agarimo, aprecio e admiración. Grazas Antonio! Sechu López



HOMENAXE

Antonio Veiga 1935-2020

Dende Ferrol, non fomos poucos os que compartimos montaña no seu día tanto con Antonio como con Chito. Así que cando un compañeiro, e non un compañeiro calquera, deixa de estar connosco o corazón sempre se recolle un pouquiño. Pero tamén todos os que estamos nesta filosofía de vida que é o montañismo, sabemos que os camiños sempre se volven cruzar, e na montaña sexa física ou sentimental nos volverá a unir e camiñaremos xuntos de novo. Como membro fundamental de Celtas, permitídenos estar co voso sentimento nestes intreiros, e por suposto transmitide á súa familia o máis fondo pesar e cariño dende este recuncho do noroeste galego

Unha fortísima aperta, Xan Ramírez-Montaña Ferrol

Deica logo, amigo Antonio.

Deica logo, e o digo moi en serio, porque nin ti nin o teu irmán Chito sairedes da miña vida. Estades, e seguemos camiñando xuntos e nunha gran parte dos meus recordos de montaña, e tamén, me acompañades cando camiño polas miñas montañas de Trevinca. E quizais, nalgunha dimensión, -nesa montaña da que xa non se regresa nunca-, nos atoparemos e falaremos de toda a nosa pasada vida, e posiblemente, con Santalla e Benigno, escalaremos, e nos poñeremos os crampóns para ascender por unha branca ladeira ata chegar a un cumio desde onde divisaremos toda a nosa anterior vida, e riremos, e quizais, faremos algún comentario sobre o montañismo de antes e o actual, sobre a maneira de entender a Montaña antes e como se entende agora. En fin, ao mellor, na "outra vida" e na outra Montaña tamén nos divertiremos ¡¡Ata logo Antonio, y dálle recordos meus ao teu irmán Chito!!


Antonio Fernández, Cholo.

O día que Antonio Veiga nos levou ao corazón da terra eu tiña trece anos, vestía un mono branco de pintor que non me lembro por que non era azul coma o do resto dos meus compañeiros de aventura. Aínda era noite pechada cando camiñamos seguindo a Antonio a través do bosque de carballos e castiñeiros callados no branco rebumbio da vía láctea.

En contraste, a escuridade da cova era sólida, coa que te ías chocar cando o frontal se apagaba, o que ocorría a miúdo, ben porque lle caía unha pinga do teito, ben porque estabas reptando por estreitísimas gateiras e a auga no alcanzaba a chegar ao carburo, ben porque faltaba aire nos túneles, ou porque nalgunha ocasión decidíramos sentarnos, deixar de rir e de falar e apagar os carbureiros para escoitar o silencio. O silencio por primeira vez nas nosas vidas.

Acababa de aprender unha das leccións mais importantes da miña vida como alpinista.

Antonio Veiga, leváchesnos á inmensidade das cousas pequenas, por iso ás túas montañas súmalles as nosas, as dos que che seguimos cando éramos crianzas. Para sempre te quedas, querido profesor, montañeiro, amigo. Chus Lago



ANTONIO VEIGA GONZÁLEZ deixounos, veterano deportista e impulsor da “espeleoloxía galega”. Ex directivo e Presidente do GES Club Montañeiros Celtas de Vigo (Pontevedra), en varias etapas. Foi un dos exploradores -xunto a seu irmán “Chito”- na histórica I Expedición á Cova do Rei Cintolo en Mondoñedo (Lugo), en agosto do 1954.

Colaborador, entusiasta cronista da Revista-FGE FURADA, foi explorador de múltiples cavidades da xeografía galega. Participou tamén en distintas actividades relacionadas co Alpinismo-Montañismo (a súa gran paixón) e a natureza.

En nome da Federación Galega de Espeleoloxía FGE queremos transmitir o noso pésame aos seus familiares e amigos, especialmente ao GES CM Celtas. FGE

MONTAÑA

XEOPARQUE MONTAÑAS DO COUREL

1-2 de febreiro

Montañismo extremo

Imos rematando coa parte oriental do Courel con dúas etapas de montanismo extremo. Alguén dirá extremo? Si, extremo. Veredes que duras foron...

Comezamos a etapa pasando en Quiroga do autobús que traíamos de Vigo a dous microbuses que nos permitían chegar a Cereixido. Comezamos na Caleira (unha das 6 que existen no Courel) para ascender ata Cereixido, con paradiña na igrexa para reagruparnos, ver o seu teixo singular, de máis de 6m de diámetro, tomar algo de froita e salvar os 600m de desnivel, que tiraban do peito, ata o Alto da Cervá (1248m), logo de cruzar a Devesa da Cervá.

Xantar no alto, que algúns subiron polo vértice xeodésico de 7m de altura, un pouco á présa pois a poalla e o vento non o facían agradable. Continuamos ata a explotación gandeira de Mario Nogueira, que nos mostrou as cachenas que cría no monte e compartiu con nós o seu cariño pola gandería (recuperación de razas, construción dun museo da gandería,...) Aínda que cría para carne e recuperar razas, o seu gando participa en festas como a da Arribada 2020, películas, series de TV, anuncios como o de Gucci 2019,...todo un descubrimento.


Logo de pasar por un "balneario" de xabarís, enorme e curioso, descendemos a Centeais para "hidratar" en compañía de todo o pobo, moi curioso, facendo uso da antiga escola. Tan ben se estaba que houbo que poñerse serios, que non chegabamos a cear.

Pernocta e cea no albergue de Quiroga. A cea, moi escasa. Con fame para cama? Non. Había festa nun barrio de Quiroga, Pazos de Mondelo. A tradición di que abren as adegas do lugar e invitan a beber, comer e bailar a quen queira. Alá fomos. Picamos marisco de cortello, bebemos mención, charlamos e bailamos o que quixemos e ata Gloria e Cristina, ghaiteiras

Celtas, tocaron varias pezas para deleite dos presentes. Cando rematou a festa da adega, algúns/as seguiron na festa da praza, coa orquestra de turno. Montañismo extremo...

O domingo, mais, polas terras do aceite. Comezamos en Bendollo, visitando a súa igrexa, por fóra, unha enorme curiosidade xeolóxica pola pedra empregada. Ascenso polo antigo e precioso camiño ata Vilar de Mondelo, continuar por Chao da Casa, onde vimos varios bois-actores (non pensedes mal) de Mario Nogueira, e continuar polo camiño vello ata Bendilló (igrexa de interese xeolóxico). O camiño vello tiña un problema, habitual: estaba un tramo pechado. Sacamos das mochilas o material de montaña necesario (neste caso fouciños e tesouras de podar), puxéronse de guías varios montañeiros/as curtidos e con experiencia nas montañas de Paraños e.... salvamos os 165m que o gps dicía que había de silvas.....Montañismo extremo

Pasamos Bendilló e continuamos ata Bendollo onde dimos por rematada? a ruta. Logo de hidratar, esperábanos dúas catas: unha de aceite (novo, rico,...)da adega Aceiroga e outra de viño, branco godello e tinto mención, da mesma bodega.



Desnivel-ascenso-gandeiría-birras-festa-viño-tapas-música-baile-aceite-godello-mención.....

Montanismo extremo.

Montañeiros Celtas.

Vivimos O Courel a tope. Emilio B.

MONTAÑA

Actividade Montaña Ubiñas 8-9 de febreiro

O pasado 8 e 9 de febreiro un grupiño de montañeir@s achegámonos a comarca de Babia, no norte de León, para realizar unha actividade montaña invernal. A predición da meteo non era moi boa, pero tampouco mala de todo. Así que, desprazándonos en coches, acudimos prestos á chamada da montaña.

O sábado comezou chovendo, pero agardamos a que escampara e encaramos as ladeiras dos Ubiñas para tratar de acadar os seus cumios, o do Ubiña grande e o do Ubiña Pequeno. E precisamente con esa orde realizamos a actividade.

O día abriuse e ante nos apareceron maxestuosas esas dúas montañas. Así que o disfrute foi dobre. Abríndonos paso entre a escasa neve, os crampóns e o piolet servíronnos de axuda para acadar o noso obxectivo.

Desde Torrebarrio subimos ata o collado do Ronzón, que une o Ubiña grande co pequeno. Subimos pola Gorgollosa, ata acadar o cumio do Ubiña Grande (2411 m), para baixarmos pola pala que baixa ata o "collado do Meicín", tamén coñecido coma "Porto de Tuiza". Voltamos ao collado do Ronzón, onde o grupo se fraccionou en dous. Uns decidiron baixar ata Torrebarrio e outros ascender o Ubiña Pequeno. O grupo de ascensión, afrontou a subida pola cara leste, chegando ao cumio (2194 m) para contemplar o solpor, gozando dunhas maravillosas vistas das montañas circundantes (Somiedo, Catoute, etc...).

O domingo tocaba intentar a ascensión do Mortihuero (2.180 m). E digo intentar porque de aí non pasamos. O día amañeceu cuberto. As nubes oscurecían a paisaxe que semellaba totalmente invernal. Comezamos a actividade en Torre de Babía. Dalí parte unha pista que chega ata o Refuxio da Lagoa As verdes. A medida que ascendía o ceo escurecíase máis, a temperatura baixaba e o vento ía en aumento. Cando chegamos á Lagoa as condicións da meteo e a falta de visibilidade, fixéronnos tomar precaucións. Despois de falalo entre todo o grupo decidimos que era mellor abortar a expedición, así que voltamos a Torre de Babía e emprendemos retorno a Vigo. Xulio T.



INFANTIL

Festa do Entroido 21 de febreiro

O pasado venres 21 de febreiro realizouse a clásica festa infantil de Entroido no local social. Este ano o protagonismo o tivo "JustDance", xa que montouse unha proxección audiovisual que permitiu que os participantes emulasen aos bailaríns desta coñecida aplicación de baile. Moitos o deron todo na fase de calentamento e por suposto na pequena "compe" que fixemos por equipos, e que ao final quedou moi igualada. Despois da mesma realizouse o desfile e o "photocall" para inmortalizar as variedades estilísticas no reino de Don Carnal. Un pequeno agasallo alimenticio para os participantes e o chocolate quente deron por rematada a festa. De cara aos vindeiros anos sería interesante cambiar a data da festa e realizala o luns de Entroido, para non coincidir con todas as festas dos centros escolares que solapan horario e data coa nosa festa. Juanjo V.



CULTURA E M. AMBIENTE

Pequemarcha no Galiñeiro 8 de marzo

Comezamos a tempada 2020, como vén sendo habitual, no querido Galiñeiro. Nesta ocasión fixemos dobre actividade: plantación de árbores no chamado Bosque dos Nenos, en colaboración coa Comunidade de Montes de Vincios, e pateo ata o encoro de Zamáns e os muíños de Maquías. Todo, no Gali.

Comezamos case con medo, pois a chuvia ameazaba con complicar o día. Pero apenas caeron 4 gotas, que nin sequera abrimos os paraugas e outras 4 camiño dos muíños.

Chegou Miguel, de Prunus, cos 200 sobreiras, bidueiros, enciñeiras, capudres, érbedos e abeleiras, así como un precioso teixo. Breve explicación, que case ninguén seguiu (en fin), collemos as ferramentas, seleccionamos cada un o seu buraco, puxemos as luvas e..... a plantar. Apareceron algúns "maiores" do Club con ferramentiñas, case de xoguete, e fomos dando conta pouco a pouco. Uns colocaban ás árbores no burato, outros ían tapando e ata había algún "control" de calidade por se non estaba ben plantado,....)

Á hora do xantar, algún marchou, uns poucos foron facelo ao refuxio do Club (e pasaron a tarde) e a maioría xantamos alí, no parque forestal, ao aire libre, nas mesas de pedra. Rapaces xogando, pais/nais charlando e vendo aos cativos de esghello,... ata que algúns levaron os coches ao remate da pequerruta. Á Volta, comezamos a camiñar ata coller o prg-1(primeiro sendeiro galego, de CMCeltas) e seguilo ata os muíños. Ao rematar, houbo pequeparlamento e plantexouse ir ao parque forestal de Zamáns. Os peques xogaban fóra, os maiores tomamos café/birra dentro, pendentes deles, e botamos a lingua a pacer.

Agradable tarde, que puxemos remate contra a noite. Varios peques estaban tan cansos de plantar-patear-xogar que non se daban metido nos coches. Non podían coa alma!!!! Emilio B.



BICI DE MONTAÑA

Bici de montaña e termas en Salvaterra 19 de xaneiro

Comezamos o ano bteiro cunha actividade de bici de dificultade baixa polo Concello de Salvaterra. O percorrido circular, con comezo e final no parque da Canuda, discorreu polas beiras dos ríos Miño, Tea e Mendo. Cun percorrido bastante chan e unha distancia que roldou os 25 km, esta actividade deulle a posibilidade a que se nos unisen persoas interesadas en realizar un roteiro de bici "suaviño". Deste xeito a convocatoria foi un éxito e pasamos d@s 30 bteir@s.



Ao finalizar algúns dos participantes desfrutamos dun churrasquiño e acabamos a remollo nas termas de Salvaterra. Xulio T.

Bici e cocido por Ermelo 16 de febreiro

O día comezou algo encapotado, pero os bteir@s non nos enrugamos ante nada. O sitio de quedada era Ermelo (Bueu), a carón de Casa Maria. Lugar que se está convertendo en habitual para comer o cocido. Xa imos pola terceira edición.

O percorrido deste ano tiña lixeiras variacións sobre os anteriores. De Ermelo subimos ao Paralaia (446 m), para gozar das fermosas vistas da Ría de Vigo. Dalí proseguimos cara o San Lourenzo, do que subimos algunhas rampas, pero sen chegar a facer cumio. Chegamos á Cruz de Maceiras, Cruce das estradas de Moaña-Marín, e Pastoriza-Faro de Domaio. Alí decidimos acortar o percorrido, pois o día estaba bastante poallento e a xente tiña presa por chegar para comer. A volta fíxose polos montes da Pastoriza, ata coller a estrada de Cela-Ermelo e rematar polas ladeiras do Paralaia, ata acadar o punto de inicio: Ermelo. Xulio T.

VINDEIRAS ACTIVIDADES

Debido ao estado de alarma polo Covid-19 non imos publicar as datas das vindeiras actividades ata estar seguros de que se poidan realizar.

Nada mellor que unha viñeta do noso socio e amigo, José Luis Vázquez para reflectir o que estamos vivindo.

Ánimo, montañeiros e montañeiros! Contamos con vós para que cando todo se arranxe non parar de facer sendeiros, dormir ao pairo e celebrar o fin do confinamento no noso querido Galiñeiro con música, comida e moito bo humor como nos caracteriza!



ASAMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA


CALENDARIO ELECTORAL: DATAS PROPOSTAS

Días	Data	Mes	
1º	22	Maio	Asemblea Xeral Extraordinaria
5º	26	Maio	Exposición do Censo Electoral provisional
26 a 31 de maio: Reclamacións Censo electoral			
11º	1	Xuño	Exposición do Censo Electoral definitivo
2 a 15 xuño: Presentación Candidaturas á Presidencia			
25º	15	Xuño	Fin prazo Presentación de Candidaturas á Presidencia
26º	16	Xuño	Publicación provisional candidaturas
16 a 18 de xuño: Alegacións publicación provisional candidaturas			
29º	19	Xuño	Publicación definitiva candidaturas
42º	02	Xullo	Votación Presidencia do Club
3 a 7 de xullo: Prazo alegacións votacións			
48º	8	Xullo	Publicación de resultados e proclamación provisional de presidente ou presidenta
50º	10	Xullo	Proclamación de presidencia e fin do proceso electoral




Edita: Club Montañeiros Celtas Edición: Mónica Vila
Colaboran neste número: Emilio B., Lourdes C., Fernando F., Melu L., Miguel A. M., Xulio T., José Luis V., Juanjo V.
Imprime: Garpe /
DP: vg-40-1998 Impreso en papel reciclado

Se non che importa un pouco de traballo...




Si no te importa un poco de traballo..

Se sientes cariño por Club Montañeiros Celtas...




....Si sientes cariño por el Club Montañeiros Celtas...

Se non che asusta a crítica suave e respetuosa...




...Si no te asusta la crítica suave y respetuosa....

....Si tienes un poco de tiempo "loco" disponible en la semana...



Se tes un pouco de tempo "loco" dispoñible na semana...

...Dá el grito de guerra y LANZATE!!!! Da o grito de euforia e LÁNZATE...



presenta a túa CANDIDATURA!!!

**Publicorreo
Óptimo**

MONTAÑEIRO CELTAS

CLUB MONTAÑEIRO CELTAS
Avda. Camelias, 78 oficina k – 36211 Vigo
Teléfono 986 438 505 /   @clubmontaneiros Celtas
www.celtas.gal / info@celtas.net